



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 543
7 de outubro de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

I 54425 (10/PNC-004330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da reforma integral do CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo

[179378](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 55145 (10/PNC-004380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de garantir o dereito das persoas galegas a concorrer ao Certame Arquímedes ou a calquera outra convocatoria dese tipo con proxectos, estudos ou investigacións realizados na lingua propia de Galicia [179378](#)

I 55530 (10/PNC-004413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de conservación en que se atopan o patrimonio histórico e os bens inmobles catalogados no concello de Mondariz-Balneario [179378](#)

I 55618 (10/PNC-004427)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co borrador do Anteproxecto de lei de recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa, impulsada por Abanca [179379](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación sen modificacións

I 53976 (10/PNC-004297)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis



Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente [179379](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 53044 (10/PNC-004221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a modificación dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal [179380](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 55717 (10/PNC-004433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria nos núcleos 1, 2 e 3 da zona norte do concello de Agolada [179380](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros na publicación das preguntas con resposta oral en comisión convertidas en preguntas con resposta escrita por finalización do período de sesións (BOPG núm. 519, do 12 de agosto de 2019) [179381](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 4 de outubro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 54425 (10/PNC-004330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da reforma integral do CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo
BOPG nº 524, do 04.09.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acometer a reforma integral do CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo.»

Rexeitamento da iniciativa

- 55145 (10/PNC-004380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de garantir o dereito das persoas galegas a concorrer ao Certame Arquímedes ou a calquera outra convocatoria dese tipo con proxectos, estudos ou investigacións realizados na lingua propia de Galicia
BOPG nº 528, do 11.09.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 55530 (10/PNC-004413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de conservación en que se atopan o patrimonio histórico e os bens inmobles catalogados no concello de Mondariz-Balneario

BOPG nº 533, do 18.09.2019



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 55618 (10/PNC-004427)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co borrador do Anteproxecto de lei de recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa, impulsada por Abanca BOPG nº 533, do 18.09.2019

Sométese a votación por puntos a transacción entre a iniciativa e a emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 56929:

— Punto primeiro: rexeitado por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

— Punto segundo: rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 4 de outubro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 53976 (10/PNC-004297)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente

BOPG nº 522, do 30.08.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que, a través da Consellería de Medio Rural, e antes e que remate o ano 2019, proceda a realizar as xestións oportunas para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente.»



Aprobación por unanimidade con modificacións

- 53044 (10/PNC-004221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a modificación dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal

BOPG nº 517, do 05.08.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover as modificacións necesarias na Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020, coa finalidade de aprobar as prórrogas daqueles expedientes que o solicitaran ata o día 7 de outubro ou que, por informes complementarios necesarios doutros organismos, aínda non fosen aprobados.

2. Que as próximas convocatorias de ordes de axudas se publiquen como anticipado de gasto e que, co obxectivo de axilizar os diferentes trámites administrativos, se habiliten as fórmulas necesarias para que estean dispoñibles antes do período de alto risco.»

Rexeitamento da iniciativa

- 55717 (10/PNC-004433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria nos núcleos 1, 2 e 3 da zona norte do concello de Agolada

BOPG nº 538, do 27.09.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



4. Informaci3ns e correcci3ns de erros

4.2. Correcci3ns de erros

Correcci3n de erros na publicaci3n das preguntas con resposta oral en comisi3n convertidas en preguntas con resposta escrita por finalizaci3n do per3odo de sesi3ns (BOPG n3m. 519, do 12 de agosto de 2019)

Advertida a omisi3n, por un erro material, na publicaci3n das preguntas con resposta oral en comisi3n convertidas en preguntas con resposta escrita por finalizaci3n do per3odo de sesi3ns (BOPG n3m. 519, do 12 de agosto de 2019), nas correspondentes 3 Comisi3n 4^a, Educaci3n e Cultura, d3ben-se engadir as seguintes:

-10/POC-006485 (41757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

3lvarez Mart3nez, Luis Manuel, Burgo L3pez, Mar3a de la Concepci3n, D3az Villoslada, Juan Manuel
Sobre as medidas previstas pola Conseller3a de Educaci3n, Universidade e Formaci3n Profesional para garantirlle a prestaci3n do servizo de comedor ao alumnado do CEIP Sada y sus Contornos no IES Mosteir3n, as3 como a s3a opini3n respecto da necesidade de garantir a s3a prestaci3n con independencia do n3mero de persoas colaboradoras que poida achegar o centro.

-10/POC-006487 (41770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

3lvarez Mart3nez, Luis Manuel, Burgo L3pez, Mar3a de la Concepci3n, D3az Villoslada, Juan Manuel
Sobre as raz3ns da adopci3n no mes de decembro da decisi3n de pechar a Escola de Educaci3n Infantil de Carnoedo, no concello de Sada, a s3a posible relaci3n coa situaci3n laboral do persoal docente e as previsi3ns da Conseller3a de Educaci3n, Universidade e Formaci3n Profesional ao respecto.

-10/POC-006496 (41865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fern3ndez, Olalla, Bar3 Torres, Xos3, Prado Cores, Montserrat, Pont3n Mondelo, Ana Bel3n, Rivas Cruz, Jos3 Luis


Sobre a creaci3n da Autoridade Audiovisual e as medidas que prev3 adoptar o Goberno galego ao respecto.

Santiago de Compostela, 04 de outubro de 2019

Xos3 Ant3n Sarmiento M3ndez

Letrado oficial maior





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

